



A saúde podal na recría

Dado que a recría é o futuro da nosa granxa, debemos coidala para que os nosos animais cheguen ao momento do parto e á súa primeira lactación nunhas condicións óptimas e coa maior produción posible; isto logrará que a súa lonxevidade e rendibilidade sexan maiores. Vémolo nas seguintes páxinas.

José María García Nieto
Presidente da APPB



Hoxe en día, moitas granxas optan por externalizar esta tarefa a centros especializados, unhas veces por falta de man de obra, outras por temas de espazo ou comida e outras, simplemente, porque o cren máis efectivo ou rendible.

Para os que o levan a cabo na súa propia granxa, debemos ter claro que hai que realizar un bo traballo desde o primeiro día ata a hora do parto, se queremos obter bos resultados. A saúde podal ten moito que ver nisto, posto que, se chegan ao parto con problemas podais, se reducirá cuantiosamente a súa produción e non só na súa primeira lactación, senón que influirá na vida produtiva do animal e, en moitos casos, na súa lonxevidade, o que minimizará a súa rendibilidade. Os gandeiros deben asesorarse en todo momento cos seus técnicos, neste caso cos po-

dólogos, á hora de avaliar os posibles problemas e como atallalos.

Os principais problemas podais son de orixe infecciosa, pero tamén atopamos lesións traumáticas, ocasionadas por golpes ou problemas coas instalacións. Tamén poden ser debidos a problemas pola alimentación. Neste último punto, o mellor é estar asesorado por un nutrólogo.

Son tres os piares fundamentais: **instalacións, manexo e alimentación**, describimos a seguir.

INSTALACIÓNS

Un dos principais problemas é o amoreamento, algo moi común, que condiciona moito o bo desenvolvemento das xovencas, pois xera máis competencias pola comida, a bebida e o descanso, polo que as máis débeis pagarán as consecuencias.

Tanto se temos cubículos como cama libre, debemos ter espazo suficiente e as medidas correspondentes ás idades. Os patios de terra ou formigón tamén necesitan estar en bo estado e ben raiados; buratos, pedras, chans abrasivos ou esvaradíos farán que teñamos unha pisada inestable, coas conseguíntes consecuencias: liñas brancas, desgaste ou crecemento excesivos, úlceras de punta, hemorrixas. O mantemento de ferros, portas, comedeiros e bebedeiros debe estar en boas condicións para evitar cortes, picadas, traumas etc.

MANEXO


A limpeza na recría é fundamental para combater as lesións infecciosas, que son as máis habituais neste caso.

A limpeza e a rutina de baños son indispensables para unha boa prevención e control da dermatite e do flegmón interdixital, os cales teñen os mesmos factores de risco. De non ser así, será case imposible telos controlados. Isto provoca malos crecementos, talóns excesivos, perda de condición corporal, gasto en tratamentos curativos, algúns deles antibióticos, algo que hoxe en día tentamos reducir na medida do posible. Debemos ter claro que o ideal é sempre a prevención, tanto no que respecta ao benestar como á economía.

No caso de aloxalas en cama libre, esta débese preparar e renovar coa suficiente periodicidade como para tela sempre limpa e seca. Os cubículos recheos, ben traballados e adaptados ás medidas de cada lote de recría; se son de colchón, mantelas limpas e secas.

A limpeza tamén nos axudará a combater as lesións infecciosas, que son as máis prexudiciais para a recría.

Realizar lotes por idades reducirá moito as xerarquías. Deben estar adaptados ás medidas correspondentes para que estean cómodas.



Facede pediluvio se se require. En moitos casos, se as condicións son boas, non son necesarios (grande influencia da limpeza); isto débese mirar sempre co podólogo.

É importante arrimar a comida para evitar que forcen as patas dianteiras tentando chegar a ela, así como realizar unha inspección visual diaria para detectar posibles problemas.

ALIMENTACIÓN

É importantísima e, por iso, o idóneo é tela en mans dun nutrólogo. Este preparará a ración acorde coas necesidades de cada lote. A comida ten que ser de calidade e fresca; ade-

mais, os complementos de minerais son esenciais para a boa calidade do casco a longo prazo. En ocasións, aprovéitanse alimentos de precaria calidade, o que pode supor un gran problema para a saúde das unllas.

O podólogo revisará visualmente as xovenas para saber se necesitan recorte, así como para detectar dermatite ou outros problemas, aínda que, na maioría dos casos, non cómpre o devandito recorte ata despois do parto.

É máis frecuente a necesidade de recortar en cama quente libre, porque non temos desgaste e a solución é o recorte para manter os aplomos, o que evita problemas de tendóns e

logra que as estruturas internas se manteñan na súa forma natural.

En conclusión, un bo traballo na recría logrará que obteñamos unha mellor produción, calidade e rendibilidade no futuro. ■

Táboa 1. Aspectos que se deben ter en conta para unha boa saúde podal na recría

INSTALACIÓNS
Espazo
Cubículos
Cama libre
Patios
MANEXO
Limpeza
Lotes por idades
Cambio de cama
Mantemento de cubículos
Arrimado de comida
Pediluvio
Inspección visual acotío
ALIMENTACIÓN
De calidade
Fresca
Complementos de minerais, esenciais para a boa calidade do casco a longo prazo

BLACK FRIDAY

· OFERTAS ·

DEL 24 DE NOVIEMBRE
AL 1 DE DICIEMBRE

Reventamos los precios



¡No te lo pierdas!
¡Escanea y mantente informado!



Schippers Agrícola, S.L.

Ctra. Montmeló 76 | 08403 Granollers | Barcelona (ES)

+34 935 68 91 28 | info.es@schippers.eu

MS Schippers